



RESOLUCIÓN PROVISIONAL DE AXUDAS A CENTROS PRIVADOS CONCERTADOS PARA A CONTRATACIÓN DE AUXILIARES DE CONVERSA COA FINALIDADE DE MELLORAR A COMPETENCIA LINGÜÍSTICA DO ALUMNADO EN LINGUAS ESTRANXEIRAS

Por Orde da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria do 12 de novembro de 2013, publicada no DOG número 220, do 18 de novembro, regúlase o réxime de axudas a centros privados concertados para a contratación de auxiliares de conversa coa finalidade de mellorar a competencia lingüística do alumnado de linguas estranxeiras.

Unha vez rematada a valoración das solicitudes pola Comisión de Valoración, de conformidade co establecido no artigo 9 da antedita orde,

RESOLVO:

Primeiro. Publicar no portal educativo <http://www.edu.xunta.es> a resolución provisional dos centros beneficiarios das axudas coa cantidade asignada a cada centro, os centros que non acadan a axuda e a relación de solicitudes excluídas, figurando ambas no anexo.

Segundo. Contra esta resolución provisional poderán formular alegacións e achegar os documentos que se consideren pertinentes ata o día 20 de decembro de 2013, inclusive.

Santiago de Compostela, 19 de decembro de 2013.

O Subdirector Xeral de Ordenación, Innovación Educativa e Formación do Profesorado

Manuel Vila López

NOTA: Por mor dunha maior axilidade na xestión, poden adiantar as posibles alegacións e renuncias por fax ao número **981.54.65.50**. O que non exclúe facelo oficialmente co selo de rexistro de envío ou correo postal.